



## - ABERTO X VACACIÓNS 2020 - CONDICIÓNS DE HIXIENE E SEGURIDADE

Estas medidas están supeditadas aos cambios que poidan realizar as autoridades sanitarias.

**Desinfección.-** Antes do inicio de cada actividade desinfectaranse os materiais cos que se desenvolverá a actividade. Á entrada haberá alfombras desinfectantes para o calzado.

Haberá dispensadores para hixienizar as mans tanto ao inicio e ao finalizar as actividades, así como durante o transcurso das mesmas.

**Monitores/as.-** Serán sempre os mesmos monitores quen se relacionarán con subgrupos de 15 participantes, e levarán sempre mascarilla.

Ante calquera malestar do/a neno/a, avisarase ao pai/nai/titor.

**Actividades.-** Realizaranse priorizando a distancia, pero somos conscientes de que nas idades que comprende Aberto x Vacacións non sempre será posible, polo que se realizará unha hixiene de mans constante.

O material de cada actividade desinfectarse despois de cada uso.

Primaranse as actividades ao aire libre e só nos casos en que as condicións meteorolóxicas non o permitan, trasladaranse ao interior.

**Uso de mascarillas.-** Será obrigatorio acceder con mascarilla para os/as participantes. Non poderán acceder ningunha persoa que non a leve ao recinto onde se desenvolva a actividade.

No caso de que na actividade se poida realizar garantindo a distancia de 2 metros ao aire libre, gardarase a mascarilla nun sobre co nome de cada un dos/as participantes, e volverá a poñerse posteriormente.



**Chegada/saída.**- Realizarase de forma escalonada e rógase que sexa un único membro da familia (pai/nai/titor) quen leve ou recolla ao/á participante, evitando así que se produzan aglomeracións.

**Non** se debe acudir no caso de ter algún destes síntomas:

Febre

Diarrea/vómitos

Tos

Dificultade ao respirar